

C U R S O S   E   C O N G R E S O S

*Santiago de Compostela*  
7-9 de julio de 2021

Libro de resúmenes

# La educación en Red. Realidades diversas, horizontes comunes

XVII Congreso Nacional  
y IX Iberoamericano  
de Pedagogía



EDICIÓN A CARGO DE  
Miguel A. Santos Rego  
Mar Lorenzo Moledo  
Anaïs Quiroga-Carrillo

UNIVERSIDADE  
DE SANTIAGO  
DE COMPOSTELA

publicacións

La educación en Red.  
Realidades diversas, horizontes comunes  
XVII Congreso Nacional y IX Iberoamericano de Pedagogía

Santiago de Compostela

7-9 de julio de 2021

LIBRO DE RESÚMENES

CURSOS E CONGRESOS DA  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

N.º 262

La educación en Red.  
Realidades diversas, horizontes comunes

XVII Congreso Nacional  
y IX Iberoamericano de Pedagogía

Santiago de Compostela

7-9 de julio de 2021

LIBRO DE RESÚMENES

EDICIÓN A CARGO DE  
Miguel A. Santos Rego  
Mar Lorenzo Moledo  
Anaïs Quiroga-Carrillo

2021

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



This work is licensed under a Creative Commons BY NC ND 4.0 international license. Any form of reproduction, distribution, public communication or transformation of this work not included under the Creative Commons BY-NC-ND 4.0 license can only be carried out with the express authorization of the proprietors, save where otherwise provided by the law. You can access the full text of the license at <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/legalcode>



Esta obra se encuentra bajo una licencia internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Cualquier forma de reproducción, distribución, comunicación pública o transformación de esta obra no incluida en la licencia Creative Commons BY-NC-ND 4.0 solo puede ser realizada con la autorización expresa de los titulares, salvo excepción prevista por la ley. Puede Vd. acceder al texto completo de la licencia en este enlace: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.es/>



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2021

### **Deseño e maquetación**

Paula Cantero  
origamiestudio.com

### **Edita**

Servizo de Publicacións e Intercambio Científico  
Campus Vida  
15782 Santiago de Compostela  
[usc.gal/publicacions](http://usc.gal/publicacions)

DOI: <https://dx.doi.org/10.15304/cc.2021.1393>

- Describir os conceptos de socialización e socialización diferenciada.
- Identificar os estereotipos e roles de xénero asignados para mulleres e homes.
- Formular as distintas fases de socialización.
- Diagnosticar os axentes que interveñen no proceso de socialización desde a perspectiva de xénero.

A metodoloxía caracterizouse polo seu carácter experimental e vivencial. Esta metodoloxía atópase representada a través da Teoría da Aprendizaxe Experiencial de David Kolb (1984), o cal expón que, para que as experiencias se transformen en coñecemento, deben ser elaboradas a través da reflexión sobre elas ou experimentando de forma activa a información recibida. O módulo formativo combinou unha parte expositiva cunha parte de carácter práctico.

No tocante a avaliación, esta estivo presente ao longo de toda a intervención, levándose a cabo unha avaliación inicial, unha avaliación final e unha avaliación de procesos. En concreto, os criterios de avaliación establecidos foron os seguintes:

- Expresar reflexións sobre a socialización de xénero.
- Identificar os estereotipos e de xénero presentes na vida cotiá.
- Distinguir as distintas fases de socialización.
- Analizar o papel dos axentes de socialización na transmisión dos estereotipos de xénero.
- Comparar os roles asociados ao sexo no ámbito doméstico e de coidados.
- Inspeccionar o sexismo presente nos catálogos de xoguetes.
- Transformar a linguaxe sexista en linguaxe inclusiva.
- Redeseñar contos tradicionais, librándoos do sexismo imperante.
- Detectar estereotipos dirixidos á infancia a través de diversos medios.
- Examinar o sexismo presente na publicidade.

Ao longo da implantación do programa, as persoas participantes fóronse dando conta de que, até ese momento, non eran conscientes de como a socialización diferenciada contribuíra ás súas vidas. Puideron percibir como a linguaxe cotiá é tremendamente sexista, observaron como os distintos axentes de socialización fomentan os roles e estereotipos de xénero e o difícil que é afrontar estas situacións sen un apoio teórico e pedagóxico que parta do feminismo e da perspectiva de xénero.


## Conclusiones

Bosch, Ferrer e Alzamora (2006) entenden a socialización como o proceso que se inicia no momento do nacemento e perdura durante toda a vida, o proceso mediante o cal as persoas aprenden e fan súas as pautas de comportamento social do seu medio sociocultural. Dado que o proceso de socialización é eterno, a socialización diferencial pode ser revertida, obxectivo central do programa proposto, o cal foi logrado con éxito, tal e como se recolle na avaliación realizada ao longo e ao remate do mesmo.

É preciso deconstruír as identidades do profesorado, a través da formación permanente e sobre todo, da formación inicial, desde a perspectiva de xénero, xa que só dese xeito se pode avanzar no desenvolvemento de personalidades libres de nesgos de xénero na infancia e na construción de sociedades igualitarias.

## Referencias bibliográficas.

- Bosch, E., Ferrer, V. A., e Alzamora, A. (2006). *El laberinto patriarcal*. Barcelona: Antrophos.
- Kolb, D.A. (1984). *Experiential learning: experience as the source of learning and development*. Englewood Cliff: Prentice-Hall.
- Rebollo, M. A., Vega, L., e García, R. (2011). El profesorado en la aplicación de planes de igualdad: conflictos y discursos en el cambio educativo. *Revista de Investigación Educativa*, 29(2), 311-323.



## **Avaliación diagnóstica da discriminación por diversidade sexual e de xénero entre o alumnado da USC**

**VILLAR VARELA, MILENA**  
**BARREIRO FERNÁNDEZ, FELICIDAD**

*Universidade de Santiago de Compostela (España)*

### **Descrición xeral das preguntas de investigación e obxectivos**

Os estudos, no ámbito internacional e nacional, alertan da alta incidencia do acoso sexual e por razón de sexo no eido laboral, e de forma específica nas institucións académicas.

Atendendo á lexislación vixente encamiñada a erradicar o acoso nas institucións académicas, a Universidade de Santiago de Compostela aprobou, no ano 2016, o Protocolo de Prevención e Actuación fronte ao acoso sexual e o acoso por razón de sexo, orientación sexual e identidade de xénero (Universidade de Santiago de Compostela, 2016). Tal e como recolle o mencionado protocolo, para crear un espazo adecuado de estudo e traballo é fundamental erradicar as condutas de índole sexual e discriminatorias por razón de sexo, orientación sexual e identidade de xénero.

Pero ata o momento actual non se tiña realizado unha avaliación diagnóstica da situación do acoso na Universidade de Santiago de Compostela, nin do funcionamento e desenvolvemento do protocolo, por iso se planeou un estudo diagnóstico, o cal se enmarca na medida 8, do eixo 1, apartado 1.1., do Pacto de Estado para a prevención da violencia de xénero (Ministerio de Presidencia, Relación con las Cortes e Igualdade, 2019) que propón a realización de estudos sobre o impacto do acoso, as agresións e os abusos sexuais no ámbito universitario e prevé a realización de accións de prevención no ámbito universitario.

Son antecedentes desta investigación outros estudos (Bosch, Ferrer, Navarro, Ferreiro, Ramir, y Escarrer, 2012; Lameiras Rodríguez, y Carrera, 2018; Unidad de Igualdad de Género de la UCM, 2018) que nos aportan interrogantes, estratexias metodolóxicas e instrumentos para investigar, na nosa Universidade, esta realidade.

En base ao anterior, o obxectivo xeral do estudo é realizar unha avaliación diagnóstica da situación do acoso sexual, acoso por razón de sexo, orientación sexual e identidade de xénero do alumnado da USC.

Os obxectivos específicos aos que se pretende dar resposta neste traballo son os seguintes:

- Coñecer as situacións de acoso sexual e acoso por razón de sexo, orientación sexual e identidade de xénero no alumnado da USC.
- Determinar as percepcións e as crenzas do alumnado sobre os distintos tipos de acoso.
- Delimitar o grado de coñecemento do Protocolo de prevención e actuación fronte ao acoso sexual e o acoso por razón de sexo, orientación sexual e identidade de xénero por parte do alumnado.